



## FICHA RESUME

Ano	2009	PE403A 2008/18-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE PESCADORES DE CORME E LAXE	
Plan explotación <sup>(1)</sup>	NAVALLA, LONGUEIRON E LONGUEIRÓN VELLO	
Réxime <sup>(2)</sup>		
Modalidade <sup>(3)</sup>	MERGULLO EN APNEA E SUBMINISTRO DE AIRE	

Especies	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> ), longueirón( <i>Ensis siliqua</i> ) e longueirón vello ( <i>Solen marginatus</i> )
Ambito do plan	Praia de Laxe, praia da Hermida, praia de Osmo, banco Riocobo e praia de Rebordelo ( <b>Ver consideracións</b> ) <sup>(*)</sup>
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitacións
	7	17 <sup>(*)</sup>
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		( <b>ver consideracións</b> ) <sup>(*)</sup>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	4 <sup>(*)</sup>	4 <sup>(*)</sup>

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		75										
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> Praia de Laxe <sup>(*)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> :												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
						X	X	X	X	x		
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup>												
Modalidade <sup>(3)</sup> : Praia da Hermida, Praia de Osmo, Riocobo e praia de Rebordelo <sup>(*)</sup>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
				X	X							

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé	kg/embarcación/día	kg/mergullador/día
Longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> )			15 <sup>(*)</sup>

Artes a empregar	Mergullo en apnea Mergullo con subministro de aire dende superficie
------------------	--

Puntos de control	Rampa do peirao de Corme Rampa da lonxa de Laxe
Puntos de venda	Lonxas de Laxe e Corme

(\*) Modificado por Resolución do 15 de abril de 2009 do recurso de reposición



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** <sup>(\*)</sup> Inclúense na zona de traballo os bancos de praia da Hermida, praia de Osmo, Riocobo e praia de Rebordelo, nos cales se desenvolverá a actividade durante os meses de maio e xuño, rotando cada 15 días. A información sobre a actividade nestes bancos será remitida á delegación territorial da Coruña seguindo as indicacións da bióloga de zona, co obxecto de avaliar o estado do recurso e o impacto da explotación nas poboacións. De non remitirse a información solicitada, poderá ser suspendida a actividade nestes bancos.

A praia de Laxe está subdividida en dúas zonas:

- Zona 1: peirao
- Zona 2: río

Na praia de Laxe (as dúas subzonas) establecerase unha veda durante os meses de maio e xuño. De igual xeito, que no apartado anterior, deberá remitirse a información sobre a extracción realizada nesta zona seguindo as indicacións da bióloga de zona.

**Ampliación:** <sup>(\*)</sup> Tendo en conta que:

<sup>(\*)</sup> Modificado por Resolución do 15 de abril de 2009 do recurso de reposición



- a) se amplia a zona de traballo incluíndo os bancos da praia da Hermida, praia de Osmo Riocobo e praia de Rebordelo
- b) que a confraría de Corme remitiu por escrito as renuncias a 1 habilitación das embarcacións “LUMARA DOS”, “ANA MARIA”, “REBECA”, “RITALY”

Accédese ao incremento de 4 embarcacións (cunha habilitación cada una). Non obstante, e tendo en conta que as renuncias presentadas son da confraría de Corme aconséllase que, antes de iniciar o proceso de selección de candidatos de acordo co establecido na Resolución do 9 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, se consulte ás entidades sobre a posibilidade dalgún tipo de compromiso na distribución dos permisos de explotación.

**Participantes:** (\*) á vista do ficheiro histórico e das renuncias remitidas o número de embarcacións é de 7 cun total de 17 cotas ou habilitacións. As habilitacións ou cotas están repartidas do seguinte xeito:

- ANA MARIA (CO-3-1545). 2 habilitacións <sup>(1)</sup>
- LUMARA DOS (CO-3-2-01): 2 habilitacións <sup>(1)</sup>
- MOROUSO (VILL-2-4674): 3 habilitacións
- REBECA (CO-4-1939): 2 habilitacións <sup>(1)</sup>
- RITALY (CO-3-2-03): 2 habilitacións <sup>(1)</sup>
- JORGE (CO-3-1575): 3 habilitacións
- NUEVO MODES (CO-3-1-06): 3 habilitacións

No plan unicamente se inclúen 12 mergulladores.

**Calendario:** os días máximos de extracción serán 75, co obxecto de adaptar o calendario á actividade extractiva real desenvolta. (\*)

**Cotas máximas de captura:** As cotas máximas para as embarcacións establécense en función dos **mergulladores con habilitación que estean debidamente enrolados e a bordo.**

(<sup>1</sup>) A cota máxima de captura será de 15 kg/mergullador/día. (\*)

Para mellorar a xestión dos bancos é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, das tallas e dos mergulladores. Polo tanto, os **datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.**

#### **Mergullo:**

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así, serán excluídos na relación mensual, mentres non este renovada.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como **xefe de equipo.**



O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009.**

No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente,** considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, **será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo**

Con respecto ao réxime sancionador recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó posible regulamento de réxime interior da agrupación, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán aportar a seguinte información:

- Certificación, por parte da confraría de Corme, de delegar a representatividade do plan na confraría de Laxe.
- Indicar quen son os responsables do control e forma en que se realizará o dito control de extraccións.
- Deberán achegar as coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, sementeiras, traslados, limpezas, puntos de control etc., dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.